



# PLAN DIXITAL

## I.E.S. ENRIQUE MURUAIS

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
- 3.2. Obxectivos, indicadores e accións

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

O plan dixital do IES Enrique Muruais pretende ser un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo que persigue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensino-aprendizaxe. Tal e como se indica na Guía de elaboración do Plan Dixital, este deberá ser “o instrumento que adecúe e facilite o emprego dos medios dixitais no proceso de ensino-aprendizaxe, entendido dende o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do alumnado”. Para elo, engade, “é fundamental dar un enfoque de centro ao emprego dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que de coherencia e guíe o emprego das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, o Proxecto de Dirección e a Programación Xeral Anual (PXA). A referencia fundamental para que os centros desenvolvan o seu potencial dixital a través dun Plan é o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), deseñado polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea. Este Marco é parte do estudo Furthering Innovative Education, posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación Cultura da Comisión Europea e o Centro Común de Investigación– Instituto de Estudos de Prospectiva Tecnolóxica (IPTTS). Este plan está concibido como un documento vivo que contén os acordos acadados no centro con respecto aos obxectivos xerais do plan, as estratexias de dinamización de xestión dos recursos tecnolóxicos e a inclusión das TIC nas diferentes concrecións curriculares. Supón un compromiso por parte de toda a comunidade educativa. Cada un na medida das súas posibilidades e o seu nivel actual de formación.

### 1.1. Datos básicos do centro

O IES Enrique Muruais conta con titularidade pública, sendo dependente da Consellería de Educación. Ocupa un solar de 8.000 m<sup>2</sup> e conta cunha superficie edificada de 3.314 m<sup>2</sup>. Está construído nun edificio de dúas plantas, con sótano e dous anexos unidos ó edificio principal, nos que se ubican o ximnasio e maila aula-taller de Tecnoloxía, así coma un almacén (que está a funcionar como comedor escolar). Conta, ademais, cunha pista de deportes de 900 m<sup>2</sup>, estando ocupado o resto da superficie do solar por zonas de xardín e espazos ó aire libre con chan de hormigón.

Os datos do centro detállanse de seguido:

<b>NOME</b>	Instituto de Educación Secundaria “Enrique Muruais”		
<b>ENDEREZO</b>	Zona escolar, s/n	<b>C.P.</b>	27720
<b>CONCELLO</b>	A Pontenova	<b>PROVINCIA</b>	Lugo
<b>TELÉFONO</b>	982342183 982336144 (tfno. Público)	<b>FAX</b>	982342185
<b>NIF</b>	Q7750004-I	<b>CÓDIGO DO CENTRO</b>	27016297

Impártense os seguintes niveis educativos:

- 1º, 2º, 3º, e 4º, ESO.
- 1º e 2º de Bacharelato, na seguintes modalidades:
  - Humanidades e Ciencias Sociais.
  - Ciencias e Tecnoloxía.

- 1º e 2º curso do ciclo de soldadura e caldeirería.

As clases desenvólvense no centro dentro do seguinte horario lectivo:

- De 9:35 a 15:00 horas de luns a venres.
- De 16:10 a 17:50 horas os martes.

Fóra desas horas, as preferencias para a distribución dese horario serán:

- Xuntanzas (Claustros, Consellos Escolares, Comisións de Coordinación Pedagóxica, sesións de avaliación e análogos, que poidan xurdir): convocaranse coa debida antelación e por escrito ou ben a través do taboleiro da sala de profesores. No caso das reunións da CCP, tentarase establecer un calendario das mesmas a comezos de curso, sen prexuízo de que ó longo do curso poida xurdir a necesidade de que dito calendario sexa alterado.
- Exames extraordinarios e outras probas: axustarán ó seu horario ás características das mesmas.

Na actualidade, o IES Enrique Muruais, ten unha matrícula de 103 alumnos/as; un total de 25 profesores/as; un conserxe, un administrativo e dúas limpadoras.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro oferta un ensino profesional, humano e técnico que tende a promover cantas iniciativas o seu alcance tendan a fomentar a dimensión pública da sociedade na que se encontra. Na medida en que concibe a educación como un fenómeno que non pode desligarse da sociedade, e ao mesmo tempo como un elemento compensador das desigualdades sociais, o Centro asume a concepción da educación como un servizo público, cuxos principios básicos son a participación e a xestión democrática por parte da comunidade escolar, xunto coa defensa da liberdade de ensino, recoñecidas polas leis. Debe destacarse o dereito que asiste a todos por igual a recibir unha educación de calidade que posibilite o desenvolvemento integral do alumnado como persoa, e onde comprenda que o límite á súa expresividade este fixado no respecto aos demais. A tarefa docente está presidida, entre outros, por criterios como a flexibilidade e imaxinación na posta ao día da educación. Créanse novos espazos a enfoques e prácticas renovadoras, estando en todo momento abertos a novas interpretacións pedagóxicas como resposta a necesidades sociais. De igual xeito, principios como a tolerancia, a comprensión e a solidariedade deben facerse operativas no Centro, defendendo o compromiso na defensa da Paz. Pretendemos preparar ao alumnado para integrarse nunha sociedade complexa e cambiante, e ser membros activos e responsables dela. Isto esixe recoñecer que a súa inserción no mercado laboral deberá producirse nun entorno competitivo, que o alumnado deberá asumir de modo realista. O sistema de xestión estará integrado por procesos e procedementos, adoptando un compromiso coa mellora continua e a satisfacción tanto dos requisitos propios do Centro, dos usuarios, como dos legais e regulamentarios.

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

Lexislación de referencia para a elaboración do plan dixital:

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Este Plan Dixital de Centro enténdese como un instrumento que debe favorecer e impulsar o emprego dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro, sempre co obxectivo último de colaborar no desenvolvemento integral do alumnado.

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nun entorno dixitalizado. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensinanza e aprendizaxe é ineludible. A Educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. Por outra parte, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Mediante o presente plan, preténdese:

- Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo solo posible si é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do plan dixital formouse un equipo de traballo formado por 5 persoas. Leváronse á cabo diversas reunións, así como, varias sesións de formación para a elaboración do plan dixital. As sesións dedicáronse á análise da situación do centro, a detección de necesidades, a elaboración de obxetivos e a distribución do traballo entre os membros do equipo, no que se refire á elaboración do plan dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### 2.1.1 Análise da situación do centro en relación coas tecnoloxías dixitais:

##### 1.- Traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías

- O IES incorporouse ao Proxecto Abalar no curso 2012 – 2013.
- No curso 2017-2018 o centro integrouse no proxecto E-Dixgal dunha forma limitada, solo para primeiro da ESO. Nas materias de Lingua castelá, lingua galega, bioloxía, xeografía e historia, francés, relixión, educación plástica e obradoiro de música
- No curso 2018-2019 E-Dixgal ampliouse a 2º da ESO. Incorporando as materias de Física e Química e Tecnoloxía.
- No curso 2021-22 o proxecto E-Dixgal estendeuse a 3º e 4º da ESO. Incorporando cultura clásica, Latín, Economía e Cultura científica.

##### 2.- Programas de innovación nos que participa

- EMPRENDE
  - Actúa.
  - Atrévete.
  - Edutecemprende.
- CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE (Todos).
- CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA (Todos).
- CONTRATOS-PROGRAMA RECUPÉRA-T.
  - Arco.
  - Proa+

#### 2.1.2 Descrición xeral acerca das infraestruturas

O centro está, en liñas xerais, ben dotado en canto ao equipamento nos espazos adicados á ESO e ao Bacharelato. En todas as aulas da ESO están instalados os kits dixitais do proxecto Abalar (ordenador do profesor, PDI e proxector). As aulas de bacharelato contan con proxector e portátil na mesa do profesor. A maiores conta con unha aula de informática e 1 aula TIC, aínda que parte do equipamento da aula TIC está obsoleto. Dispón dunha boa conexión a Internet, grazas á instalación recente dunha nova rede de banda ancha ultrarápida a través do Programa Escuelas Conectadas e dunha ampla cobertura WiFi.

##### 1.- Dotacións tecnolóxicas (ordenadores, pantallas,...)

###### a) Ordenadores nas instalacións do IES (ESO e BAC)

1.1 ORDENADORES POR TIPO		Nº de ordenadores	>5 Anos
Ordenadores sobremesa		57	39
Ordenadores portátiles			
	- Equipamento E-Dixgal	87	
	- Non E-Dixgal	20	20
	- Programa <i>Educa en Dixital</i> (para préstamo)	4	

Tabletas	1	0
Total ordenadores	153	59
<b>1.2 ORDENADORES POR LOCALIZACIÓN</b>		
	Nº de ordenadores	
En aulas específicas de informática		
• Aula de Informática	19	
• Aula TIC	9	
• No taller	7	
En aulas habituais de clase		
• En aulas E-Dixgal		
- Equipos alumnado	76	(4 sin asignar)
- Equipos entregados profesorado	11	
- Equipos aula	5	
• En calquera outra aula		
En dependencias de administración e xestión do centro	5	
Noutras dependencias (biblioteca, departamento, sala de profesorado...)	17	
Sen localización definida	4	
Total	153	

b) Outros equipos informáticos do centro

1.- Nas instalacións do IES (ESO e BAC)

	Número	E-Dixgal
Nº de encerados interactivos (PDI)	12	10
Nº de proxectores	18	10
Nº de escáner	1	
Nº de fotocopiadoras	2	
Nº de impresoras de rede	3	
Nº de impresoras locais	12	
Armario de carga de portátiles	2	E-Dixgal

**2.- Conectividad (Wifi, rede,..)**

a) Nas instalacións do IES (ESO e BAC)

<b>1. INTERNET</b>	
¿Posúe conexión a internet?	Si
¿Posúe o centro rede de área local?	Si
Tipo de conexión.	Fibra
Ancho de banda conexión	Fibra 200 Mbps.
<b>2. CONEXION WIFI</b>	

Ten servizo de rede WIFI?		Si
Quen ten acceso a internet via WIFI	Persoal do centro	Si
	Alumnado con dispositivos do centro	Si
	Alumnado con dispositivos propios	Non (salvo autorización)
Lugares nos que está disponible o acceso WIFI	Espazos adicados á docencia	Si
	Departamentos	Si
	Secretaría do centro e despachos de dirección	Si
	Zonas comúns	Si

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	3	3
	Profesorado	3.6	3.6
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.5	4.5
	Profesorado	3	3
	Alumnado	3.4	3.4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4	4
	Profesorado	4.2	4.2
	Alumnado	4.4	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7	3.7
	Profesorado	3.5	3.5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.5	4.5
	Profesorado	3.8	3.8
	Alumnado	4.3	4.3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.6	2.6
	Profesorado	3	3
	Alumnado	3.7	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2	2
	Profesorado	2.4	2.4
	Alumnado	3.6	3.6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.1	4.1
	Profesorado	3.6	3.6
	Alumnado	3.9	3.9

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	16	43,8%
PROVISIONAL	0	1	0%
INTERINO	1	6	16,7%
SUBSTITUTO	1	3	33,3%



DESPRAZADO	1	1	100%
------------	---	---	------

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83,5	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	88,7	INTEGRADOR/A (B1)	79,2	INTEGRADOR/A (B1)
BAC	86,3	INTEGRADOR/A (B1)	77,9	INTEGRADOR/A (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	2	20
B1	4	40
B2	3	30
C1	1	10
TOTAL	10	100

## 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Dispoñemos de dispositivos dixitais para que poden ser empregados polos alumnos.</p> <p>No noso centro hai unha boa conexión a internet e unha boa infraestrutura que facilita a ensinanza. O centro dispón de asistencia técnica externa ó mesmo.</p>	<p>A asistencia técnica ás veces demórase en exceso.</p> <p>Algúns ordenadores presentan un funcionamento lento e sería preciso reparalos.</p> <p>Os proxectores portátiles que se teñen son antigos e moitos non funcionan.</p> <p>Non se dispón de material tecnolóxico que non sexa ordenadores e proxectores.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>O equipo directivo aposta polo uso das tecnoloxías para a ensinanza e o profesorado síntese respaldado para o uso das tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>O profesorado busca e utiliza recursos en liña na súa docencia, así como, plataformas dixitais para a comunicación cos alumnos, e para facilitar o seu aprendizaxe.</p> <p>O profesorado soe inculcar nos alumnos o respecto no uso das tecnoloxías.</p> <p>O profesorado valora moi positivamente a formación por medios dixitais e mediante intercambios</p>	<p>O profesorado ten acceso ó aprendizaxe do DPC pero non é moi solicitado.</p> <p>O profesorado non emprega as tecnoloxías para a comunicación relativa ó centro todo o que podería.</p> <p>Non se soen empregar tecnoloxías para colaborar con outros organismos.</p> <p>Non se ensina ós alumnos a empregar as tecnoloxías para comunicarse co profesorado.</p> <p>Non se ensina ó alumnado a valorar o traballo feito por outras persoas en internet.</p> <p>Non se soe debatir sobre a importancia da formación do profesorado no uso das TIC.</p> <p>Non hai ningún tipo de debate sobre a importancia do uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Non se fomenta o uso da tecnoloxía para a realización de actividades de tipo creativo.</p> <p>Non se empregan as tecnoloxías como instrumento para a individualización do aprendizaxe.</p>

		<p>Non se ensina ó alumnado a empregar recursos dixitais para levar á cabo o traballo colaborativo.</p> <p>O profesorado usa os recursos da rede pero non elabora recursos dixitais propios.</p> <p>O Profesorado segue empregando os métodos tradicionais para a avaliación dos alumnos, non emprega os recursos dixitais para a mesma.</p> <p>O profesorado descoñece mecanismo de seguridade para a utilización e o emprego dos recursos dixitais.</p> <p>O profesorado ten que adicar moito tempo para preparar recursos dixitais, e non dispón do mesmo, polo que decide non facelo.</p> <p>O profesorado non emprega as tecnoloxías dixitais, porque non dispón nin da formación nin do tempo necesario para empregala.</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<p>O centro conta cunha empresa que leva o mantemento dos equipos informáticos que non son edixgal.</p>	
<b>ALUMNADO</b>	<p>O alumnado utiliza plataforma dixitais para o aprendizaxe e a comunicación co profesorado.</p> <p>O alumnado dispón de asistencia técnica que soe resolver as incidencias bastante rápido.</p> <p>O alumnado aprende a crear contidos dixitais en determinadas materias.</p> <p>O alumnado aprende a utilizar diversos recursos dixitais en materias como TIC ou Tecnoloxía.</p>	<p>O alumnado utiliza tecnoloxías para comunicarse cos profesores, pero non aprende a utilizalas no centro.</p> <p>O alumnado aprende a crear contidos dixitais pero só en certas materias.</p> <p>O alumnado non desenvolve estratexias para discernir se a información dos medios dixitais é certa ou non.</p> <p>O alumnado non soe valorar o traballo de outras persoas que atopa en internet.</p> <p>O alumno non recorre o uso da tecnoloxía para a realización de actividades creativas.</p> <p>O alumnado non se implica mais nas actividades porque sexan de carácter interactivo.</p> <p>O alumnado manexa moi poucos recursos para realizar traballo colectivo de modo dixital.</p>
<b>FAMILIAS</b>	<p>As familias mostran unha boa actitude cara a implantación das novas tecnoloxías como pode ser o proxecto edixgal.</p> <p>Son varias as familias que utilizan canles de comunicación dixital cos docentes e co centro.</p> <p>A maioría das familias dispoñen de conexión a internet e de dispositivos tecnolóxicos como ordenadores, tablets etc.</p>	<p>Moitas familias non empregan os recursos dixitais para comunicarse co centro e cos docentes.</p> <p>Moitas familias non dispoñen dos coñecementos suficientes para empregar as tecnoloxías para a comunicación co centro e cos docentes.</p> <p>Algunhas familias non dispoñen dos recursos tecnolóxicos que lles permita a comunicación dixital, como pode ser a conexión a internet ou dispositivos electrónicos como ordenadores.</p>
<b>OFERTA</b>	<p>O centro dispón de aulas para realizar desdobres.</p>	
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>O centro conta en todas as aulas, con un portátil unha pizarra dixital e unha boa conexión a internet.</p> <p>O centro dispón duna aula de informática e unha aula TIC.</p>	<p>O centro carece de estratexia dixital.</p> <p>O centro non ten un sistema de protección de datos.</p> <p>No centro non hai ningún método de control sobre o progreso do profesorado e do alumnado en materia dixital.</p> <p>No centro non se levan a cabo proxectos interdisciplinares que empreguen os recurso dixitais.</p>

			Non se recorre ó intercambio de experiencias con outros centros, para incrementar a competencia dixital de alumnos e profesores. A biblioteca dispón de pouco espazo para dotar de ordenadores á mesma.
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta cursos de formación ao profesorado en función das necesidades do centro. Proporciona equipos informáticos e kits de conexión ao alumnado desfavorecido.	Demasiada burocracia ao profesorado en xeral e aos equipos directivos en particular.
	LEXISLACIÓN	Promove a atención telemática ao alumnado.	Demasiados cambios lexislativos en pouco tempo.
	CONTORNA	Instalación e despregue de fibra óptica no concello.	Non todas as zonas teñen aínda acceso á fibra óptica.
	ANPA	Apoian todas as iniciativas que redunden no beneficio do alumnado.	Pouca participación das familias na asociación.
	OUTRAS ENTIDADES	Ofertas formativas gratuítas sobre as diferentes tecnoloxías.	Pouco aproveitamento desas ofertas formativas.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro precisa de 3 PDI, para a aula de informática, a aula de desdobres e para a aula de 2º de bacharelato. Serían necesarias para que os docentes podan levar á cabo actividades interactivas nas mesmas.

Sería preciso tamén 2 tablets, 1 para o profesor de E. Física, para que poda introducir as faltas no xade, posto que non dispón de ningún dispositivo informático no ximnasio nin no pavillón, e outra para ter de reserva por se é necesario para algún docente.

### Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

<b>“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos.</b>					
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Establecer canles de comunicación dixital coas familias.				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo, titores/as				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Tanto % de familias que usan abalarmóbil. Tanto % de familias que usan abalar. Tanto % de profesores que usan abalar para as titorías.				
<b>Valor de partida (3)</b>	15% de familias usan abalarmóbil. 25% de profesores usan abalar. 5% de familias e profesores que usan o mail.				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% de familias que usen abalarmóbil. 50% de familias que usen Abalar. 50% de profesores que usen abalar.				Xuño 2023.
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)</b>	<b>ESTADO(10)</b>
<b>AO1.1: Conseguir que as familias intalen o abalarmóbil</b>	Equipo directivo, coordinador TIC e titores/as	Xaneiro	Abalarmóbil aplicación. Videotitoriais na páxina do centro de como descargar e instalar a aplicación		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Compartir información das titorías coas familias por medio de abalarmóbil</b>	Titores/as	Maio	Abalarmóbil aplicación.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Establecer o abalar como medio de recopilación de información para as</b>	Titores/as	Novembro	Abalar		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

titorías.					
-----------	--	--	--	--	--

**“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipos**

<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Renovar 10 ordenadores da aula de informática e TIC.	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador TIC, secretaría.	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de ordenadores que se poidan renovar.	
<b>Valor de partida (3)</b>	10 ordenadores que hai que renovar.	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% de ordenadores renovados	Xuño 2023.

**ACCÍONS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>AO1.1:</b> Revisar ordenadores para ver o estado dos mesmos	Coordinador TIC	Xaneiro	Serán revisados polo asesor TIC.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2:</b> Informe de que ordenadores son necesarios reparar e cales renovar	Coordinador TIC	Maio	O responsable TIC elaborará o informe		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3:</b> Renovar os equipos	Secretaría	Xuño	A empresa encargada do mantemento, reparará os que se poidan, e renovará os que non se poidan reparar, sempre que sexa posible a		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

			nivel presupuestario.	
--	--	--	-----------------------	--

<b>“Área/s de mellora”: Infraestructura e equipos</b>					
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Adquirir proxectores portátiles.				<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Secretaría, Coordinador TIC				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de proxectores que se poidan reparar. Número de proxectores que se poidan adquirir.				
<b>Valor de partida (3)</b>	1 proxector portátil que funcione de forma axeitada				
<b>Valor previsto e data (4)</b>	5 proxectores que funcionen de forma axeitada.			Xuño 2023.	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)</b>	<b>ESTADO(10)</b>
<b>AO1.1:</b> <b>Realizar unha revisión completa dos proxectores existentes</b>	Coordinador TIC	Xaneiro	O responsable TIC fará unha revisión		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2:</b> <b>Elaborar un informe sobre que proxectores que se poden intentar reparar e cales non.</b>	Coordinador TIC	Maio	O responsable TIC en colaboración coa empresa externa de mantemento informático, elaborará un informe especificando cales se poden repara e cales non.		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3:</b> <b>Repara os que se poidan, e adquirir</b>	Secretaría e coordinador TIC	Xuño	A empresa externa de mantemento infomático, levará á cabo a reparación		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>

<p><b>novos proxectores, se non se consegue dispoñer de 5 en bo funcionamento despois das reparacións.</b></p>			<p>dos que sexa posible, e presentará un presuposto dos que se pretendan adquirir, para completar os 5 proxectores portátiles en uso.</p>		<p><b>Pendente</b></p>
--	--	--	---	--	------------------------

**“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos**

<p><b>4. OBXECTIVO (1):</b></p>	<p>Adquirir tablets para o uso de docentes e alumnado.</p>	<p><b>Acadado</b></p>
<p><b>RESPONSABLE:</b></p>	<p>Secretaría, Coordinador TIC</p>	<p><b>Non acadado</b></p>
<p><b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b></p>	<p>Número de tablets que se poidan adquirir.</p>	
<p><b>Valor de partida (3)</b></p>	<p>1 tablet no centro.</p>	
<p><b>Valor previsto e data (4)</b></p>	<p>3 tablets no centro.</p>	<p>Xuño 2023.</p>

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<p><b>AO1.1:</b> Consultar ós departamentos cales necesitan unha tablet</p>	<p>Coordinador TIC</p>	<p>Xaneiro</p>	<p>O responsable TIC</p>		<p><b>Realizada</b></p>
					<p><b>Aprazada</b></p>
					<p><b>Pendente</b></p>
<p><b>AO1.2:</b> Solicitar presuposto para a adquisición das mesmas</p>	<p>Secretaría</p>	<p>Maio</p>	<p>Diversas tendas de informática</p>		<p><b>Realizada</b></p>
					<p><b>Aprazada</b></p>
					<p><b>Pendente</b></p>
					<p><b>Realizada</b></p>

<b>A01.3: Adquirir as tablets</b>	Secretaría	Xuño	Diversas tendas de informática		Aprazada
					Pendente

**“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos.**

<b>5. OBXECTIVO (1):</b>	Creación de recursos dixitais para a práctica docente	Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos e coordinador TIC	Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de recursos creados	
<b>Valor de partida (3)</b>	0 recursos creados	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	15 recursos creados	Outubro 2024.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)	ESTADO(10)
<b>A01.1: Solicitud e creación dun PFPP para a creación de recursos dixitais</b>	Coordinador TIC	Xaneiro	Conexión a internet. Ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>A01.2: Creación de recursos</b>	Coordinador TIC e todo o equipo docente	Xuño 2023	Conexión a internet. Ordenadores		Realizada
					Aprazada



<b>dixitais adaptados a ESO e BACH</b>					<b>Pendente</b>
<b>A01.3: Subida á aula virtual dos recursos creados</b>	Coordinador TIC e todo o equipo docente	Outubro 2024	Conexión a internet. Ordenadores		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

**“Área/s de mellora”: Pedagogía: Apoios e recursos.**

<b>6. OBXECTIVO (1):</b>	Utilizar a AV como un instrumento de avaliación	<b>Acadado</b>
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos e coordinador TIC.	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Tanto % de profesorado que usa a AV como instrumento de avaliación	
<b>Valor de partida (3)</b>	5% do profesorado usa a AV como instrumento de avaliación	
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do profesorado usa a AV como instrumento de avaliación	Outubro 2024.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>	
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN(9)</b>	<b>ESTADO(10)</b>
<b>A01.1: Análise do profesorado que usa a AV e detección de motivos polos que non se usa</b>	Xefatura de estudos	Xaneiro	Cuestionario		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>A01.2: Videotitoriais sobre o</b>	Coordinador TIC	Xuño 2023	Conexión a internet. Ordenadores Videotitoriais		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>

<b>uso da AV como instrumento de avaliación, posibilidades que ofrece e como se pode reflectir na programación</b>					<b>Pendente</b>
<b>A01.3: Emprego da aula virtual como instrumento da avaliación.</b>	Xefatura de estudos	Outubro2024	Conexión a internet. Ordenadores Cuestionario		<b>Realizada</b>

#### 4. Avaliación do plan

Para facer un seguemento de como se desenvolve o plan de acción ao longo do curso levaranse a cabo dous tipos de avaliación:

- a procesual: levarase a cabo unha vez por trimestre con algunhas das accións realizadas para acadar os obxectivos.
- a final: levarase a cabo unha vez ao ano, ao finalizar o curso.

AVALIACIÓN PROCESUAL	
OBXECTIVO	ESTADO DA EXECUCIÓN DA ACCIÓN
1. Establecer canles de comunicación coas familias.	Elaborar e realizar enquisas con Google Docs <b>unha vez por trimestre</b> para coñecer a porcentaxe de familias e profesorado que empregan abalar e abalarmóbil e como van evolucionando estas porcentaxes.
5. Crear recursos dixitais para a práctica docente.	Recopilar e colgar na aula virtual do centro <b>unha vez por trimestre</b> os recursos dixitais creados polo profesorado.
6. Utilizar a aula virtual como instrumento de avaliación.	Elaborar e realizar enquisas con Google Docs para coñecer os motivos polos que parte do profesorado non emprega a aula virtual para avaliar. Comprobar na propia aula virtual <b>unha vez por trimestre</b> que porcentaxe dos docentes a empregan habitualmente como instrumento de avaliación e como vai evolucionando esta porcentaxe.

<b>AVALIACIÓN FINAL (xuíño de 2023)</b>			
<b>OBXECTIVO</b>	<b>VALORACIÓN DO LOGRO</b>	<b>AVALIACIÓN DA CONSECUCIÓN DO LOGRO</b>	<b>PROPOSTA DE MELLORA</b>
1. Establecer canles de comunicación coas familias.	O 50% das familias empregan abalar? O 50% das familias empregan abalarmóbil? O 50% do profesorado emprega abalar?	Comprobar a evolución desas porcentaxes ao finalizar o curso.	De non acadar as porcentaxes desexadas: -impartir charlas informativas ás familias sobre as utilidades de abalarmóbil. -impartir sesións informativas ao profesorado sobre o manexo e as utilidades de abalar.
2. Renovar equipos das aulas de informática e TICs.	Adquiríronse equipos novos?	5 Contabilizar o número de equipos renovados.	De non acadar o número de equipos desexado: -plantexar o mesmo obxectivo para o curso seguinte.
3. Adquirir proxectores portátiles.	Adquiríronse proxectores portátiles?	5 Contabilizar o número de proxectores adquiridos.	De non acadar o número de portátiles desexado: -plantexar o mesmo obxectivo para o curso seguinte.
4. Adquirir tablets para docentes e alumnado.	Adquiríronse tablets?	2 Contabilizar o número de tablets adquiridas.	De non acadar o número de tablets desexado: -plantexar o mesmo obxectivo para o curso seguinte.
5. Crear recursos dixitais para a práctica docente.	Creáronse recursos dixitais?	15 Contabilizar os recursos dixitais totais creados polo profesorado ao finalizar o curso.	De non acadar o número de recursos desexado: -solicitar novo PFPP sobre a creación de recursos dixitais.
6. Utilizar a aula virtual como instrumento de avaliación.	O 50% do profesorado emprega a aula virtual para avaliar ao alumnado?	Comprobar ao finalizar o curso a evolución da porcentaxe de profesorado que a emprega a aula virtual para avaliar.	De non acadar a porcentaxe de emprego da aula virtual desexada: -solicitar novo PFPP sobre o emprego da aula virtual.

## 5. Difusión do plan

O plan dixital dáse a coñecer entre o profesorado por medio dun claustro ordinario e entre o resto da comunidade educativa a través da súa publicación na páxina web do centro.